

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS
SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DIA 19 DE XUÑO DE 2026**

PRESIDENTE: Dona Paula Bouzós Barros

VOGAIS:

Don Juan Pablo Castillo Amigo
Dona Belen Cachafeiro Anta en substitución
de Dona Luisa María Sánchez Méndez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Don Ricardo Martínez Chantada
Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Don Jesús Vázquez Almuiña
Don Paco Ferreira González
Don Gregorio Luis Agís Gómez
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Don Gorka Gómez Díaz
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Don Javier Iglesias Mougán
Dona María Manuela Rodríguez Pumar
Dona María Ortega Iñarrea

En Pontevedra, sendo a doce horas e quince minutos do día 19 de xuño de 2026, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona Paula Bouzós Barros, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, coordinadora xeral do Centro Príncipe Felipe.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 22 DE MAIO DE 2026 (Expediente 2026041181)

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 22 de maio de 2026.

2. DAR CONTA DO PECHE DO PROGRAMA +BENESTAR 2025 (Expediente 2024066968)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico do peche do Programa +Benestar 2026, cuxo contido literal é o seguinte:



"DATOS DE INTERESE

- **Aprobación das Bases Reguladoras:** XG do 13 de decembro de 2025 e modificadas posteriormente na X.G do 28 de marzo de 2025
- **Publicación no BOPPO:** 16 de maio de 2025
- **Prazo de solicitudes:** do 19 de maio ao 6 de xuño de 2025
- **Xestión, execución e desenvolvemento:** empresa Halcón Viajes

1. ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas de inclusión e benestar social a través da convocatoria de programas que melloren a calidade de vida das persoas e promovan a participación e cohesión social da poboación da provincia. .

Esta institución leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores de 55 anos, xubiladas e pensionistas, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo das persoas maiores, fomentar a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.

2. CONTIDO

O programa caracterízase por ofrecer unha estancia de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de xantar) nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural.

As persoas solicitantes poderán elixir indistintamente no momento da solicitude calquera dos establecementos ofertados, se ben a asignación de prazas estará suxeita a dispoñibilidade.

Ademais da estadía, o paquete comprende pensión completa (coas bebidas incluídas); utilización do spa, do balneario ou doutras instalacións de características similares, un mínimo de dúas horas ao día; e os traslados en autobús.

3. LISTADO DE CONCELLOS COLABORADORES NO PROGRAMA

As persoas interesadas poderán acudir ás entidades colaboradoras do seu ámbito territorial y solicitar asistencia para presentar as solicitudes.

As e os veciños das entidades colaboradoras poderán beneficiarse das prazas subvencionadas do réxime especial.



1	AGOLADA	29	MORAÑA
2	ARBO	30	MOS
3	BAIONA (novidade)	31	NEVES, AS
4	BARRO	32	NIGRÁN
5	CALDAS DE REIS	33	OIA
6	CAMBADOS	34	PAZOS DE BORBÉN
7	CAMPO LAMEIRO	35	POIO
8	CANGAS	36	PONTEAREAS (novidade)
9	CAÑIZA, A	37	PONTE CALDELAS
10	CATOIRA	38	PONTECESURES
11	CERDEDO-COTOBADE	39	PONTEVEDRA
12	COVELO	40	PORRIÑO, O
13	CRECENTE	41	PORTAS
14	CUNTIS	42	REDONDELA
15	ESTRADA, A	43	RIBADUMIA
16	FORCAREI	44	RODEIRO
17	FORNELOS DE MONTES	45	ROSAL, O
18	GONDOMAR	46	SALCEDA DE CASELAS
19	GROVE, O	47	SANXENXO
20	GUARDA, A	48	SILLEDA
21	ILLA DE AROUSA, A	49	SOUTOMAIOR
22	LALÍN	50	TOMIÑO
23	LAMA, A	51	TUI
24	MARÍN	52	VALGA
25	MEAÑO	53	VILABOA
26	MEIS	54	VILA DE CRUCES
27	MOAÑA	55	VILAGARCÍA DE AROUSA



28	MONDARIZ-BALNEARIO	56	VILANOVA DE AROUSA
----	--------------------	----	--------------------

4. PERSOAS BENEFICIARIAS

O programa "+Benestar" 2025 conta con 2.127 prazas. Foron beneficiarias as persoas que reuniron os seguintes requisitos:

- 1) *Estar empadroadas na provincia de Pontevedra*
- 2) *Ter 55 anos ou máis*
- 3) *No suposto de ter menos de 55 anos, deberá darse algunha das seguintes circunstancias:*
 - *Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, o que se acreditará coa tarxeta ou co certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.*
 - *Posuír a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.*
 - *Ter acreditado, polos servizos sociais comunitarios básicos do seu Concello, un respiro familiar.*
- 4) *Non sufrir ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
- 5) *Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
- 6) *Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.*

5. REXIME ECONOMICO

As 2.127 prazas ofertaranse nos seguintes termos:

- 2.097 de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100 euros do custo da praza (209.700,00 euros)
- 30 de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400 euros do custo da praza (12.000,00 euros)

Persoas beneficiarias das prazas de réxime especial aquelas que cumpriron os requisitos establecidos e carecían de recursos económicos suficientes para facerlle fronte ao seu custo. Para solicitantes do réxime especial, requeriuse a valoración da traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios municipais na que se reflicta calquera destas circunstancias: estar en situación ou risco de exclusión social, ter escasos recursos económicos e que o programa se axustase ás necesidades da persoa solicitante.

6. DATOS DE 2025

ADXUDICACION (RP de 17/09/2025, núm. RP2025007528)

- *Total de solicitudes presentadas: 3.776*
- *Solicitudes admitidas en prazo, tempo e forma: 3.605 das cales:*



DESGLOSE DE PRAZAS SUBVENCION	DE E	IMPORTE SUBENCION/PRAZA	PRAZAS ADXUDICADAS	FINANCIAMIENTO TOTAL
PRAZAS DE REXIME ESPECIAL CON VALORACION SOCIAL		400 €	18	7.200,00 € * Crédito sobran- te de 4.800,00 € o que permite adxudicar 48 prazas de réxime xeral a maiores.
PRAZAS DE RÉXIME XERAL		100 €	2.145 (2.097 + 48)	214.500,00 €
TOTAL			2.163	221.700,00 €

- Solicitudes en lista de agarda: 1.442
- Solicitudes rexeitadas: 171
 - o Fora de prazo: 3
 - o Desestimento: 2
 - o Non cumpren requisito para ser persoa beneficiaria: 2
 - o Non presentan a documentación esixida: 121
 - o Presentación de máis dunha solicitude de participación: 43

DATOS DE PARTICIPACION

- POR CONCELLOS

Concello	Importe subvención	PERSOAS
Agolada	200,00 €	2
Arbo	200,00 €	2
Baiona	2.900,00 €	29
Barro	300,00 €	3
Bueu	0,00 €	0
Caldas de Reis	1.500,00 €	15
Cambados	3.100,00 €	31
Campo Lameiro	900,00 €	6
Cangas	9.600,00 €	96
Cañiza, A	900,00 €	6
Catoira	2.400,00 €	24
Cerdedo - Cotobade	3.900,00 €	39
Covelo	1.900,00 €	19



<i>Crecente</i>	2.000,00 €	20
<i>Cuntis</i>	500,00 €	5
<i>Estrada, A</i>	4.600,00 €	46
<i>Forcarei</i>	400,00 €	4
<i>Fornelos de Montes</i>	0,00 €	0
<i>Gondomar</i>	3.700,00 €	37
<i>Grove, O</i>	1.000,00 €	10
<i>Guarda, A</i>	5.500,00 €	52
<i>Illa de Arousa, A</i>	900,00 €	9
<i>Lalín</i>	1.500,00 €	15
<i>Lama, A</i>	1.000,00 €	10
<i>Marín</i>	9.800,00 €	95
<i>Meaño</i>	5.500,00 €	55
<i>Meis</i>	1.000,00 €	10
<i>Moaña</i>	4.300,00 €	43
<i>Mondariz</i>	0	0
<i>Mondariz - Balneario</i>	0	0
<i>Moraña</i>	1.300,00 €	13
<i>Mos</i>	4.500,00 €	45
<i>Neves, As</i>	900,00 €	9
<i>Nigrán</i>	9.700,00 €	91
<i>Oia</i>	1.000,00 €	10
<i>Pazos de Borbén</i>	800,00 €	8
<i>Poio</i>	4.500,00 €	45
<i>Ponte Caldelas</i>	400,00 €	4
<i>Ponteareas</i>	1.000,00 €	10
<i>Pontecesures</i>	200,00 €	2
<i>Pontevedra</i>	27.000,00 €	258
<i>Porriño, O</i>	5.200,00 €	49
<i>Portas</i>	400,00 €	4
<i>Redondela</i>	11.000,00 €	107
<i>Ribadumia</i>	600,00 €	6
<i>Rodeiro</i>	300,00 €	3
<i>Rosal, O</i>	1.100,00 €	11
<i>Salceda de Caselas</i>	2.900,00 €	29
<i>Salvaterra de Miño</i>	0,00 €	0
<i>Sanxenxo</i>	3.600,00 €	36
<i>Silleda</i>	1.800,00 €	18
<i>Soutomaior</i>	3.200,00 €	32



<i>Tomiño</i>	<i>2.700,00 €</i>	<i>27</i>
<i>Tui</i>	<i>5.700,00 €</i>	<i>57</i>
<i>Valga</i>	<i>2.000,00 €</i>	<i>20</i>
<i>Vigo</i>	<i>200,00 €</i>	<i>2</i>
<i>Vila de Cruces</i>	<i>2.700,00 €</i>	<i>27</i>
<i>Vilaboa</i>	<i>2.300,00 €</i>	<i>23</i>
<i>Vilagarcía de Arousa</i>	<i>4.100,00 €</i>	<i>41</i>
<i>Vilanova de Arousa</i>	<i>1.700,00 €</i>	<i>17</i>
Total general	172.300,00 €	1.687

- *POR ESTABLECEMENTOS*

PARTICIPACION POR ESTABLECEMENTOS	N.º PERSONAS
<i>BALNEARIO DE MONDARIZ</i>	<i>441</i>
<i>GRAN TALASO HOTEL SANXENXO</i>	<i>259</i>
<i>HOTEL CARLOS I SILGAR SANXENXO</i>	<i>580</i>
<i>HOTEL NUEVO ASTUR & SPA</i>	<i>25</i>
<i>HOTEL SPA GALATEA</i>	<i>94</i>
<i>HOTEL SPA NORAT TORRE DE DEZA</i>	<i>42</i>
<i>HOTEL TALASO LOUXO A TOXA</i>	<i>246</i>

- *POR MESES E FACTURACION*

PARTICIPACION POR MESES	N.º PERSONAS	IMPORTE FACTURADO
<i>OUTUBRO</i>	<i>180</i>	<i>18.900,00</i>
<i>NOVEMBRO</i>	<i>370</i>	<i>37.600,00</i>
<i>DECEMBRO</i>	<i>165</i>	<i>17.100,00</i>
<i>XANEIRO</i>	<i>352</i>	<i>35.200,00</i>
<i>FEBREIRO</i>	<i>236</i>	<i>24.200,00</i>
<i>MARZO</i>	<i>384</i>	<i>39.300,00</i>
TOTAL	1.687	172.300,00

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.



3. DAR CONTA DO PECHE DO PROGRAMA "LEGER EN FAMILIA" DO ANO 2025 (Expediente 2024071945)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico do peche do Programa "Lecer en Familia" do ano 2025, cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE

- **Aprobación das Bases Reguladoras en XG: 28/03/2025**
- **Publicación no BOPPO: 24 de abril de 2025**
- **Prazo de presentación de solicitudes: do 2 ao 16 de maio de 2025**
- **Dotación:** e cento setenta e nove mil cento sesenta e dous (179.562,00) euros, con cargo á aplicación 25/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.
- **Xestión desenvolvemento e execución do programa:** Halcón Viajes S.L

1. ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrada na persoa.

O programa Lecer en Familia, destinado a familias empadroadas na provincia de Pontevedra, configúrase como un poderoso axente de socialización para desenvolver habilidades sociais e crear tempo de lecer de calidade no que propiciar o benestar e a satisfacción persoal mediante emocións, sentimentos e afectos positivos.

2. CONTIDO

Este programa caracterízase por ofrecer unha estancia dunha noite en fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra : establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión. A entrada nos establecementos será pola tarde e a saída o día seguinte ao mediodía.

3. PERSOAS BENEFICIARIAS

- 1. Poderán ser beneficiarias todas as persoas integrantes dunha unidade familiar con menores a cargo que teñan a súa residencia na provincia de Pontevedra.*
- 2. Ademais do anterior, os membros da unidade familiar que desexen participar, deberán acreditar o parentesco ata o primeiro grao por consanguinidade e/ou afinidade coa persoa solicitante e estar empadroados no mesmo domicilio. Exceptúase o requisito de empadramento no mesmo domicilio no caso de familias que acrediten unha situación de separación ou divorcio legal, esixíndose neste caso que ambos domicilios (o do solicitante en situación de separación/divorcio e os outros membros da familia incluídos na solicitude) estean ubicados na provincia de Pontevedra.*



Para os efectos destas bases, enténdese por unidade familiar a formada pola persoa ou persoas adultas, fillas e fillos ou maiores que convivan de xeito permanente ou temporal coa persoa solicitante.

Así mesmo consideraranse como integrantes da unidade familiar os menores en situación de garda con fins adoptivos ou en acollemento familiar pola persoa solicitante.

3. As persoas interesadas deberán reunir, ademais, os seguintes requisitos:

- 1) Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
- 2) Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
- 3) Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.*
- 4) No caso de persoas con discapacidade con necesidade de asistencia dunha terceira persoa, será un membro da propia unidade familiar quen prestará os coidados necesarios.*

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas solicitantes nas que concorra algunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Presentarase unha única solicitude por unidade familiar.

4. REXIME ECONOMICO

As 2.957 prazas ofertadas estarán repartidas nas seguintes modalidades:

- 2.907 prazas de réxime xeral: a Deputación subvencionará 60 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos e 30 euros para as de 3 a 12 anos (estas incluídas). O prezo das prazas destas e destes menores será o 50 % do prezo da praza de persoa adulta ou maior de 12 anos, mentres que as e os menores de 3 anos irán de balde.*
- 50 prazas de réxime especial: a Deputación subvencionará o 100 % do prezo de adxudicación.*

Poderán optar ás prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e que sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) ou perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV). Dita percepción deberá manterse durante todo o procedemento e, en todo caso, con carácter previo á aprobación do listado provisional de persoas admitidas e excluídas.

Se non se cubrisen as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

5. DATOS DO ANO 2025

Total de solicitudes presentadas: 2.237 correspondentes a 7.870 persoas das cales:

- 7.325 persoas resultaron definitivamente admitidas*



- 545 persoas resultaron definitivamente excluídas
- Adxudicación:

- 2.954 prazas
 - o Réxime xeral: 2.907 prazas
 - o Réxime especial: 47 prazas
- 4.371 persoas en lista de agarda

PARTICIPACION 2025

- POR CONCELLOS

Concello	Importe subvención	N.º de Participantes
Agolada	0,00 €	0
Arbo	150,00 €	3
Baiona	2.280,00 €	49
Barro	330,00 €	6
Bueu	1.200,00 €	25
Caldas de Reis	1.110,00 €	21
Cambados	1.230,00 €	24
Campo Lameiro	0,00 €	0
Cangas	2.477,00 €	51
Cañiza, A	300,00 €	5
Catoira	450,00 €	9
Cerdedo - Cotobade	180,00 €	3
Covelo	0,00 €	0
Crecente	0,00 €	0
Cuntis	360,00 €	8
Estrada, A	1.920,00 €	38
Forcarei	180,00 €	3
Fornelos de Montes	150,00 €	3
Gondomar	2.370,00 €	49
Grove, O	810,00 €	18
Guarda, A	1.366,20 €	31
Illa de Arousa, A	300,00 €	6
Lalín	1.170,00 €	26
Lama, A	0,00 €	0
Marín	2.206,20 €	43
Meaño	0,00 €	0



Meis	480,00 €	12
Moaña	3.000,00 €	65
Mondariz-Balneario	150,00 €	3
Moraña	210,00 €	4
Mos	3.362,40 €	71
Neves, As	330,00 €	7
Nigrán	1.530,00 €	30
Oia	420,00 €	8
Pazos de Borbén	947,00 €	18
Poio	1.710,00 €	36
Ponte Caldelas	556,20 €	11
Ponteareas	3.481,60 €	74
Pontecesures	330,00 €	7
Pontevedra	17.027,80 €	348
Porriño, O	3.300,00 €	70
Portas	0,00 €	0
Redondela	3.510,00 €	71
Ribadumia	480,00 €	11
Rodeiro	180,00 €	4
Rosal, O	1.200,00 €	27
Salceda de Caselas	2.627,80 €	54
Salvaterra de Miño	1.410,00 €	30
Sanxenxo	960,00 €	21
Silleda	720,00 €	17
Soutomaior	930,00 €	20
Tomiño	2.190,00 €	45
Tui	2.476,20 €	49
Valga	180,00 €	4
Vigo	52.422,00 €	1.095
Vila de Cruces	180,00 €	4
Vilaboa	540,00 €	11
Vilagarcía de Arousa	2.130,00 €	45
Vilanova de Arousa	1.380,00 €	28
Total general	130.890,40 €	2.721



- **POR ESTABLECEMENTOS**

PARTICIPACION POR ESTABLECEMENTOS	N.º PERSONAS
HOTEL ALDA CARRIL	57
HOTEL ALDA CASTELAO	103
HOTEL NOVO ASTUR	966
HOTEL BAHÍA BAYONA	100
HOTEL BENESTAR MOAÑA	325
HOTEL CARLOS I	367
HOTEL COIA	38
HOTEL PAZO RIAL	211
HOTEL PONTIÑAS	96
HOTEL SERCOTEL TRES LUCES	31
HOTEL TALASO	427
TOTAL	2.721


- **POR MESES**

PARTICIPACION POR MESES	N.º PERSONAS	IMPORTE FACTURADO
OUTUBRO	34	1.560,00
NOVIEMBRE	1.161	55.821,60
DECEMBRO	332	16.191,00
XANEIRO	356	17.280,00
FEBREIRO	212	10.260,00
MARZO	626	29.777,80
TOTAL	2.721	130.890,40

CONCURSO DE FOTOGRAFIA 2025

- **Fotografías participantes:** 70
- **Fotografía ganadora:** Diego Tizón Freiría (concello de Vigo)





*O **premio** consiste nunha estancia no Hotel Nuevo Astur *** (Sanxenxo)*

Inclue:

- *Unha noite en pensión completa no restaurante do hotel.*
- *Dous accesos ao spa*
- *Aparcadoiro para o vehículo*
- *Data: en temporada baixa e suxeito a dispoñibilidade*

O acto de entrega do premio tivo lugar o 19 de maio de 2026 no Hotel Nuevo Astur Spa as 18.00 horas



A Deputación consolida o éxito de Lecer en Familia cunha participación de preto de 3.000 persoas na edición de 2025

A deputada Paula Bouzós fixo entrega do premio do concurso de fotografía do programa, ao que se presentaron un total de 70 imaxes

20/05/2026

 Escuchar 

A Deputación de Pontevedra celebrou no Hotel Nuevo Astur Spa de Sanxenxo a entrega do premio do concurso de fotografía do programa **Lecer en Familia** 2025, unha iniciativa provincial destinada a fomentar a convivencia, o lecer saudable e o tempo compartido entre familias ao tempo que impulsa a actividade turística e hostaleira fóra da tempada alta e na que participaron preto de 3.000 persoas.

No acto participou a deputada de Benestar Social, Paula Bouzós, que felicitou ao gañador desta edición, Diego Tizón Freiría, veciño de Vigo, cuxa imaxe da súa familia desfrutando do programa foi escollida entre as 70 fotografías presentadas ao certame. O premio consiste nunha estancia no Hotel Nuevo Astur, que inclúe unha noite en pensión completa e dous accesos ao spa.

Durante a entrega, a deputada puxo en valor "a capacidade da fotografía para gardar emocións e momentos especiais vividos en familia", ao tempo que agradeceu a implicación das persoas participantes nun concurso que permite reflectir as experiencias compartidas ao abeiro deste programa provincial.

Lecer en Familia continúa consolidándose como unha das iniciativas sociais con maior acollida da Deputación. Na edición de 2025 presentáronse 2.237 solicitudes correspondentes a 7.870 persoas, e participaron un total de 2.954 veciños e veciñas da provincia. Vigo foi o concello con maior participación, con 1.095 persoas beneficiarias, seguido de Pontevedra, Pontearreas, Redondela, Mos ou O Porriño. Por establecementos, o Hotel Nuevo Astur foi o que rexistrou unha maior participación, con 966 persoas usuarias ao longo do programa.

A Deputación xa traballa na edición de **Lecer en Familia** 2026, para a que se presentaron 2.747 solicitudes correspondentes a 9.657 persoas, confirmando así o crecemento e a consolidación desta iniciativa social e turística da institución provincial.

GALERIAS DE IMAXES



[ción sobre como funcionan as cookies e de que maneira pode cambiar a súa configuración](#)



A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.



4. DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2026 (Expediente 2025060802)

Dende o Servizo de igualdade elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da concesión de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2026, cuxo contido literal é o seguinte:

"A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2026. Dita convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 11 de data 19 de xaneiro de 2026. Os concellos interesados nestas subvencións dispuxeron de un prazo para presentación de solicitudes ata o día 19 de febreiro de 2026.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e feitos os requirimentos de documentación e as valoracións das solicitudes, a xefa do Servizo de Igualdade emite Informe-proposta, que se remite a Intervención, na que especifica que as solicitudes de 50 concellos compren os requisitos establecidos nas bases da presente convocatoria.

*Con data 21 de maio de 2026 dende Intervención emiten informe favorable sobre a tramitación do expediente de concesión das **50 solicitudes** admitidas á citada convocatoria.*

Na Xunta de Goberno do 29 de maio de 2026, adóptase o acordo de concesión das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2026, a favor dos 50 concellos, por importe global de 260.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 26/250.2315.462.01, do vixente orzamento provincial.

*Os concellos aos que se lle **concede** subvención son os seguintes:*

CÓD. EXPEDIENTE	NIF/CIF	TERCEIRO EXTENDIDO	OBXETO SUBVENCIÓN	IMPORTE ASIGNADO
2026008388	P3602000F	CONCELLO DE AGOLADA	DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE	4.690,00 €
2026008392	P3600100F	CONCELLO DE ARBO	IGUALDINO E IGUALDINA EN ARBO	4.810,12 €
2026008389	P3600300B	CONCELLO DE BAIONA	PROGRAMA DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	6.000,00 €



2026009166	P3600200D	CONCELLO DE BARRO	ESPAZOS DE LECER CONCILIA 2026	5.400,83 €
2026009001	P3600400J	CONCELLO DE BUEU	CONCILIA BUEU 2026	6.000,00 €
2026006562	P3600500G	CONCELLO DE CALDAS DE REIS	CALDAS +IGUALDADE -VIOLENCIA 2026	5.696,19 €
2026008390	P3600600E	CONCELLO DE CAMBADOS	ELABORACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE DO TRABALLADORES DO CONCELLO DE CAMBADOS	5.316,44 €
2026008822	P3600700C	CONCELLO DO CAMPO LAMEIRO	PROGRAMA CONCILIA 2026	4.472,56 €
2026004710	P3600900I	CONCELLO DA CANIZA	VIOLETAS 26	5.738,38 €
2026008752	P3601000G	CONCELLO DE CATOIRA	CREANDO IGUALDADE: DA ESTRATEXIA Á ACCIÓN	4.894,50 €
2026007857	P3600048G	CONCELLO DE CERDEDO COTOBADE	CERDEDO COTOBADE A PROL DA IGUALDADE 2026	5.316,44 €
2026007496	P3601300A	CONCELLO DE COVELO	PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACION DE MEDIDAS PROPOSTAS POLO III PLAN MUNICIPAL	5.569,61 €
2026008799	P3601400I	CONCELLO DE CRECENTE	AVANZADO NA IGUALDADE 2026	5.364,90 €
2026007855	P3601500F	CONCELLO DE CUNTIS	INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA Á MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XENERO E/OU EN SITUACIÓN DE E/OU ESPECIAL VULNERABILIDADE, ASÍ COMO ÁS SÚAS FILLAS/OS E ÁS PERSOAS DEPENDENTES AO SEU CARGO	4.200,00 €
2026009010	P3601600D	CONCELLO DE DOZÓN	DOZÓN POLA IGUALDADE: CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE	4.135,01 €
2026008334	P3601800J	CONCELLO DE FORCAREI	IGUALANDO CAMPAMENTO MULTIDEPORTE PARA A MOCIDADE DO CONCELLO DE FORCAREI	4.556,95 €
2026008802	P3602100D	CONCELLO DE GONDOMAR	PROGRAMA CAPACITADAS: ITINERARIO FORMATIVO SECTOR COMERCIO E ATENCIÓN Á CLIENTELA	5.340,00 €
2026008383	P3602200B	CONCELLO DO GROVE	AVALIACIÓN DO III PLAN DE IGUALDADE E ELABORACIÓN DO IV PLAN DE IGUALDADE	4.514,76 €
2026007798	P3602300J	CONCELLO DA GUARDA	PROXECTO IGUALANDO 2026	6.000,00 €
2026007781	P8600004I	CONCELLO DA ILLA DE AROUSA	PEZA A PEZA: PROGRAMA COMUNITARIO DE IGUALDADE	5.822,77 €
2026006568	P3602500E	CONCELLO DA LAMA	PROGRAMA FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO 2026	4.680,00 €
2026008814	P3602700A	CONCELLO DE MEAÑO	ELABORACIÓN DO V PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES CONCELLO DE MEAÑO	4.446,75 €
2026006327	P3602800I	CONCELLO DE MEIS	MEIS NO CAMIÑO: A CARÓN DA IGUALDADE, POLOS BOS TRATOS, COMPETENTES EMOCIONALMENTE, COEDUCACIÓN E CORRESPONSABILIDADE	5.400,83 €



2026005459	P3602900G	CONCELLO DE MOAÑA	EDUCAR EN IGUALDADE 2026: ESCOLA DE FAMILIAS E SENTIR E PENSAR	6.000,00 €
2026008839	P3603000E	CONCELLO DE MONDARIZ	SEMENTANDO IGUALDADE 2026	5.063,28 €
2026008640	P3603100C	CONCELLO MONDARIZ BALNEARIO	DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS POLO II PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE	5.232,06 €
2026007194	P3603200A	CONCELLO DE MORAÑA	AVALIACIÓN DO IV PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E HOMES E ELABORACIÓN DO V	5.485,22 €
2026008817	P3603300I	CONCELLO DE MOS	PROXECTO TEATRO NA IGUALDADE	6.000,00 €
2026006778	P3603400G	CONCELLO DAS NEVES	DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTA NO III PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE	4.894,50 €
2026008393	P3603500D	CONCELLO DE NIGRÁN	PROGRAMA DE EDUCACIÓN SEXUAL DESTINADO AO ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA	5.232,06 €
2026008805	P3603600B	CONCELLO DE OIA	CONCILIA VERÁN 2026. OIA	4.388,18 €
2026008670	P3603700J	CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN	PROXECTO MULLERES EN REDE - 3ª EDICIÓN	4.978,89 €
2026004715	P3604100B	CONCELLO DE POIO	MULLERES QUE FAN POIO 2026	5.400,83 €
2026008339	P3604300H	CONCELLO DE PONTE CALDELAS	PROGRAMA ENREDADAS 2026	5.985,00 €
2026006269	P3604400F	CONCELLO DE PONTECESURES	PROXECTO IGUALDADE PONTECESURES 2026: DOCUMENTAL SOBRE FIGURA DE CARMEN GONZÁLEZ IGLESIAS	4.388,18 €
2026008087	P3604000D	CONCELLO DE PORTAS	PROGRAMA DE APODERAMENTO FEMININO PARA MULLERES DO CONCELLO DE PORTAS	4.523,65 €
2026008827	P3604600A	CONCELLO DE RIBADUMIA	I PLAN DE IGUALDADE DE RELACIÓNS LABORAIS DO CONCELLO DE RIBADUMIA	5.949,37 €
2026008650	P3604700I	CONCELLO DE RODEIRO	EQUAL CAMBA 2026	5.907,16 €
2026008643	P3604800G	CONCELLO DO ROSAL	ELIXE AS TÚAS GREEN FLAGS	5.989,50 €
2026008697	P3604900E	CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS	SALCEDA É IGUALDADE	5.358,64 €
2026008330	P3605000C	CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO	ESCAPADA DA DESIGUALDADE	1.464,10 €
2026007083	P3605100A	CONCELLO DE SANXENXO	O BO TRATO: UNHA ACCIÓN EDUCATIVA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	5.569,61 €
2026008755	P3605200I	CONCELLO DE SILLEDA	PROGRAMA MAIS VIOLETA CONCELLO DE SILLEDA	6.000,00 €
2026006332	P3605300G	CONCELLO DE SOUTOMAIOR	PROGRAMA CONVIVENCIA E SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE INTRA/INTER ASOCIACIÓNS: ENREDADAS 26	6.000,00 €
2026008993	P3605400E	CONCELLO DE TOMIÑO	CONSTRUÍNDOLA IGUALDADE: IMPLEMENTACIÓN E DESENVOLVEMENTO V	6.000,00 €



			PLAN IGUALDADE TOMIÑO	
2026006823	P3605500B	CONCELLO DE TUI	ELABORACIÓN E IMPLANTACIÓN DO I PLAN DE IGUALDADE NA EMPRESA E AUDITORÍA RETRIBUTIVA	4.599,15 €
2026008633	P3605600J	CONCELLO DE VALGA	VI PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES 2026-2029 DO CONCELLO DE VALGA	4.388,18 €
2026006570	P3605800F	CONCELLO DE VILABOA	VILAVERÁN 2026	5.696,19 €
2026008693	P3606100J	CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2026	5.316,44 €
2026008279	P3605900D	CONCELLO DE VILA DE CRUCES	APRENDER IGUALDADE, CONSTRUIR FUTURO 2026	5.822,77 €

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

5. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DA SEXTA EDICIÓN DOS PREMIOS MULLERES NO FOCO (Expediente 2026003211)

Dende o Servizo de igualdade elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria da sexta edición dos Premios Mulleres no Foco, cuxo contido literal é o seguinte:

*"A Deputación de Pontevedra, atendendo a un dos seus principios reitores, a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, un ano mais, quere dar apoio ás mulleres galegas do sector audiovisual convocando a **sexta edición dos Premios #Mulleres no foco**.*

Dada a invisibilidade que sofren as mulleres e súa menor presenza, especialmente nos postos relacionados coa toma de decisións e nos de maior prestixio social, dende a Deputación en colaboración coa Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais (CIMA), convoca por sexto ano, estes premios co fin de por en valor o traballo da muller no audiovisual galego, e mudar as cifras de infrarrepresentación actuais das profesionais do sector.

Unha vez emitidos os respectivos informes favorable de Secretaría Xeral e Intervención, segundo consta no expediente (Cód. Expediente 2026003211), aprobábanse pola Resolución presidencial núm. RP2026001600, de 27 de febreiro de 2026, as bases que rexen a convocatoria da VI Edición dos Premios #Mulleres no foco, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia Núm. 102, do 1 de xuño de 2026.

Trátase dunha convocatoria aberta para a recepción de candidaturas nas que se recoñecen a achega destacada de mulleres profesionais no audiovisual galego, preferentemente a través dunha obra realizada e presentada ou dun labor profesional especialmente salientable levado a



cabo durante o ano 2025, ou tamén a súa traxectoria profesional consolidada.

As candidaturas os premios #MULLERESNOFOCO, correspondentes o ano 2026, serán presentadas polas persoas que conformen o xurado dos premios ou polas entidades locais, culturais ou profesionais de ámbito galego que pola súa natureza, fins ou obxectivos estean relacionadas co sector audiovisual.

As premiadas nas pasadas edicións non poderán ser propostas para esta sexta edición.

As candidaturas poden presentarse no prazo dun mes, contados a partir do día seguinte a publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). O prazo de presentación remata o 1 de xullo de 2026.

A contía total prevista para estes premios será de 15.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/250.2315.480.03, do vixente orzamento provincial. Haberá 3 premios con cadansúa dotación económica de 5.000€.

As Bases reguladoras da convocatoria quedan redactadas de dita forma:

"Bases reguladoras da sexta edición dos Premios #Mulleres no Foco

A Deputación de Pontevedra, atendendo a un dos seus principios reitores, a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, é consciente da necesidade de dotar de recursos que creen as condicións necesarias para reducir as fendas de xénero aínda existentes.

Por iso, un ano máis, convoca unha nova edición dos Premios #Mulleres no Foco de apoio ás mulleres do sector audiovisual, dado que, aínda a día de hoxe, tal e como se recolle en diferentes estudos, as mulleres seguen precisando apoio e visibilidade na maior parte das profesións vinculadas a este sector, feito que se acentúa nos postos relacionados coa toma de decisións e nos de maior prestixio social.

Estes premios, promovidos pola Deputación de Pontevedra en colaboración coa Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais (CIMA), teñen como obxectivo poñer en valor o traballo da muller no audiovisual galego co fin de mudar as cifras de infrarrepresentación actuais das profesionais do sector.

Trátase dunha convocatoria aberta á recepción de candidaturas, nas que se distinguirán perfís con perspectiva de xénero, activistas polo recoñecemento da muller no sector e impulsoras do emprego feminino no audiovisual galego, obviamente, alén da súa traxectoria persoal e do seu talento.

A igualdade como dereito está recollida nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española e tamén na Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia. En ambas as normas sinálase que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas. O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de calquera discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero en todos os ámbitos da vida, concretamente nas áreas económica, social, laboral, cultural e



educativa.

Na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes no ámbito de todo o Estado español; na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero; e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recóllese que os poderes públicos incorporarán, no marco das súas competencias, medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

No artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118.d, a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Por iso, a Deputación de Pontevedra establece as bases reguladoras dunha nova edición, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP); na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra; e na demais normativa de aplicación, de acordo coas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases regular a convocatoria dos Premios #Mulleres no Foco, cuxa finalidade é incentivar, apoiar e recoñecer o papel das profesionais galegas do audiovisual para incidir de forma directa na súa participación e promoción no sector.

A participación e a concesión dos premios efectuaranse en réxime de concorrência competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, ademais dos de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e no uso dos recursos públicos.

Segunda. Orzamento

Os fondos destinados a estes premios irán con cargo á aplicación 26/250.2315.480.03 do Orzamento ordinario do organismo provincial e o importe máximo será de quince mil euros (15.000 €).



Terceira. Premios

Os premios recoñecen a achega destacada de mulleres profesionais no audiovisual galego, preferentemente a través dunha obra realizada e presentada ou dun labor profesional especialmente salientable levado a cabo durante o ano 2025, así como mediante o recoñecemento dunha traxectoria profesional consolidada, do talento emerxente ou do papel das pioneiras que abriron camiño no sector.

Haberá tres (3) premios con cadansúa dotación económica de cinco mil euros (5.000 €).

As premiadas nas pasadas edicións dos Premios #Mulleres no Foco non poderán ser propostas para esta nova edición.

Estes premios estarán suxeitos á retención do IRPF correspondente á lexislación vixente no momento da resolución.

Antes da entrega da achega económica dos premios, as persoas premiadas deberán achegar certificación que xustifique que están ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

O premio pagarase mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa premiada, da que esta sexa titular.

O xurado reservará o dereito a declarar deserto algún dos premios.

Cuarta. Xurado

As premiadas serán seleccionadas por un xurado, nomeado para estes efectos mediante unha resolución presidencial, que estará composto por:

- *Presidenta: a xefa do Servizo de Igualdade ou a persoa en quen delegue.*
- *Secretaria: unha técnica do Servizo de Igualdade.*
- *Vogais:*
 - *O xefe do Servizo de Cultura ou a persoa en quen delegue.*
 - *Unha persoa designada pola Academia Galega do Audiovisual.*
 - *Unha persoa designada pola Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización (CREA).*
 - *Unha persoa designada pola CIMA.*
 - *Unha persoa designada pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG).*
 - *Unha persoa designada pola Asociación Sindical Galega de Guionistas (AGAG).*
 - *Unha persoa designada pola Coordinadora Galega de Festivais (Proxecta).*
 - *Unha persoa designada pola Asociación Galega de Produtoras Independentes*



(AGAPI).

Esta resolución de nomeamento publicarase na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

O xurado analizará as candidaturas presentadas e valorarás tendo en conta a traxectoria e o talento das candidatas, a inclusión da perspectiva de xénero nos seus traballos e o activismo na defensa e no recoñecemento do talento feminino no sector audiovisual.

O xurado poderá contar coa presenza e coa asistencia de persoas expertas nas diferentes áreas e solicitar tanta información adicional considere oportuna para resolver.

As persoas integrantes do xurado percibirán as indemnizacións correspondentes por gastos de asistencia ás reunións nas que se redacte acta, nas mesmas condicións que os cargos electos, cos importes establecidos na base 52.ª.2.b do Orzamento ordinario da Deputación de Pontevedra de 2026. Estes gastos imputaráselle á aplicación orzamentaria 26/250.2315.226.99.

Quinta. Presentación das candidaturas

As candidaturas aos Premios #Mulleres no Foco serán presentadas polas persoas que formen parte do xurado dos premios ou polas entidades locais, culturais ou profesionais de ámbito galego que pola súa natureza ou obxectivos estean relacionadas co sector audiovisual.

As candidaturas presentaranse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>). Para isto, a sede admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Sexta. Prazo para a presentación de candidaturas

As candidaturas presentaranse no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sétima. Documentación

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Currículo da candidata.
- Proposta razoada, na que se inclúa información sobre o proxecto ou o labor salientable realizado en 2025, traxectoria profesional consolidada e/ou o talento emerxente polos que se propón como candidata.
- Calquera documentación que se estime necesaria para a posterior valoración por parte do xurado.



Esta documentación presentarse por vía electrónica. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir que se amose o documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica achegada.

Oitava. Instrución e resolución do procedemento

A instrución do procedemento corresponderalle á xefa do Servizo de Igualdade.

A concesión aprobara o órgano competente, logo da fiscalización de Intervención.

A resolución derivada da decisión do xurado farase pública no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP. Así mesmo, tamén se publicará en www.depo.gal. A resolución expresará o réxime de recursos correspondente.

O ditame do xurado será inapelable.

Novena. Acto de entrega dos premios

Os Premios #Mulleres no Foco entregaranse nun acto público, convocado para tal fin, no que se poñerán en valor a traxectoria das premiadas e o papel destacado das mulleres no sector audiovisual.

A Deputación de Pontevedra notificaralles ás premiadas, coa suficiente antelación, a data e mais o lugar de realización da entrega dos premios.

Décima. Pagamento

O aboamento dos premios realizarase unha vez publicada a resolución definitiva. Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 101 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto da renda das persoas físicas, a retención que se lles practicará ás premiadas que sexan persoas físicas será do 15 % do importe.

Décimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións



públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Neste punto a deputada do Grupo Provincial do BNG, Dona María Ortega Iñarrea, intervéñ dicindo que se debe subir a partida orzamentaria e a subvención concedida a cada entidade, dado que dende que se convocan, a contía máxima non supera a contía de seis mil euros (6.000 €).

Non se levan a cabo mais intervencións.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce e vinte minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

